

# **ADAPTACIÓN da PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** Ceip A Maía (Bertamiráns-Ames)

**CURSO:** Sexto de Primaria

**MATERIAS:** Matemáticas, Ciencias da Natureza, Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Sociais, Plástica e Valores Sociais e Cívicos.

**MESTRAS:** Marina Amalia Salas Ellacuriaga, María Manuela López Cea e Marina Laura Fernández López.

**DATA:** 12 de maio de 2020

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles no 3º trimestre.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e, no seu caso, ampliación).**
- 4. Información e publicidade**

## ÁREA DE MATEMÁTICAS

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles no 3º trimestre

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Grao mínimo consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB2.3.1. Reduce fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.</li> </ul>	CMCT	90%
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Utilizar os números decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</li> </ul>	CMCT	90%
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Iniciar o uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.</li> </ul>	CMCT	80%
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.</li> </ul>	CMCT	50%
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Identificar e resolver problemas da vida cotiá</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</li> </ul>	CMCT  CAA  CCL	70%

<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Operar con diferentes medidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, tempo, superficie en forma simple dando o resultado na unidade indicada.</li> </ul>	CMCT	80%
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade masa, e tempo en forma complexa e incomplexa.</li> </ul>	CMCT	80%
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas noutras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.</li> </ul>	CMCT	80%
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas noutras</li> </ul>	CMCT CCL CAA	70%
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2 Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos,</li> </ul>	CMCT	70%

<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.</li> </ul>	<p>CMCT</p>	<p>80%</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB4.4.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e do círculo.</li> </ul>	<p>CMCT</p>	<p>90%</p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>MTB4.4.2. Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.</li> </ul>	<p>CMCT</p>	<p>80%</p>

## ÁREA DE CIENCIAS da NATUREZA

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles no 3º trimestre

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Grao mínimo consecución
B1.1. Obter información relevante sobre feitos actuais	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información, analízaa, obtén conclusións, e elaboraa para a súa entrega o informe correspondente	CCL CSIEE CAA  CD CMCCT	85%
	CNB1.1.2. Expresa por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	CCL CMCCT	80%
	CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	CMCCT CAA CCL	80%
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	CMCCT	95%

B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.	CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	CMCCT CCL	95%
--	---	-----------	-----

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles no 3º trimestre

### MATERIA: LINGUA CASTELÁ

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Grao mínimo consecución
<p>B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.</p>	<p>Comprende, con certo grao de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe ( descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos)</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>80%</p>
<p>B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.</p>	<p>LCB2.4.1. Capta o propósito de diferentes tipoloxía textuais. Identifica as partes da súa estrutura organizativa, analiza a súa progresión temática.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>60/%</p>
	<p>LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>80%</p>



<p>B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas cuidando a caligrafía, orde e presentación.</p>	<p>LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>70%</p>
<p>B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.</p>	<p>LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>70%</p>
<p>B3.3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.</p>	<p>LCB3.3.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en papel e en liña, no proceso de escritura.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>90%</p>

<p>1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p>	<p>LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.</p>	<p>CCL</p>	<p>70%</p>
<p>B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.</p>	<p>LCB4.4.3. Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.</p>	<p>CCL</p>	<p>90%</p>
	<p>LCB4.4.4. Usa con corrección os signos de puntuación</p>	<p>CCL</p>	<p>80%</p>
<p>B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e  creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.</p>	<p>LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.</p>	<p>CCL CAA CSIEE CCEC</p>	<p>60%</p>

<p>B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.</p>	<p>LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.</p>	<p>CCL CD CAA</p>	<p>80%</p>
---	---	---------------------------	------------

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles no 3º trimestre

#### MATERIA: LINGUA GALEGA

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencia</b>	<b>Grao mínimo consecución</b>
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	CCL CD CSC	80%
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	CCL CAA CSIEE	80%
	LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	CCL CAA CSIEE	90%

B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.	CCL CAA CSC CSIEE CMCT	80%
B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	CCL CAA CD CSIEE	80%
B2.11. Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.11.2. Éxpresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	CCL CSC CAA CSIEE	70%
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.	CCL CAA CSIEE	80%
	LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto.	CCL	80%
	LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe .	CCL CSC CCEC	80%

<p>B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e</p>	<p>LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mesaxes curtas, normas, programas...</p>	<p>CCL CAA CD</p>	<p>80%</p>
<p>B3.5. Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...</p>	<p>LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...</p>	<p>CCL CSC CCEC CAA CSIEE</p>	<p>80%</p>
<p>B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC na busca de información e o tratamento de textps.</p>	<p>LGB3.5.1. Usa as TIC na procura denformación ou para consultar o dicionario.</p>	<p>CCL</p>	<p>100%</p>
	<p>LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.</p>	<p>CCL CAA CSIEE CD</p>	<p>100%</p>

<p>B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.</p>	<p>LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.</p>	<p>CCL CD CAA</p>	<p>80%</p>
<p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>80%</p>
	<p>LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>80%</p>
	<p>LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>80%</p>

	LGB4.1.5. Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número	CCL CAA	80%
	LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	CCL CAA	80%
B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.	LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.	CCL CCEC	80%



### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles no 3º trimestre

#### MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Grao mínimo consecución
B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	CD CAA CCL CMCCT CSC	90%
B3.2.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.	CSB3.2.1.Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.	CSC CCL	90%
	CSB3 2.2 Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	CMCCT CSC CAA	90%
	CSB3.3.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.	CSC CAA	85%

B3.4.Describir os movementos migratorios.	CSB3.4.2. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.	CSC CCEC	80%
---	--	----------	-----

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles no 3º trimestre

#### MATERIA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencia</b>	<b>Grao mínimo consecución</b>
B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsa- bilizándose do ben común.	VSCB1.6.1. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.	CSC CSIEE CCEC	80%
B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incer- teza, ao medo ou ao fracaso.	CSC CSIEE	80%

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles no 3º trimestre

#### MATERIA: PLÁSTICA

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencia</b>	<b>Grao mínimo consecución</b>
B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, cuidando o material e o espazo de uso.	CCEC  CAA	70%
	EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situación.	CCEC  CAA	70%
	EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).	CAA	

<p>B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.</p>	<p>EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.</p>	<p>CD CCEC</p>	<p>80%</p>
<p>B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.</p>	<p>EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.</p>	<p>CCEC CAA CMCCT</p>	<p>80%</p>
	<p>EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.</p>	<p>CCEC CAA CMCCT</p>	<p>90%</p>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>PROCEDEMENTOS:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Rexistro, valoración e revisión das tarefas de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación.</li><li>- Observación do traballo que nos envía o alumnado.</li><li>- As tarefas ( de carácter semanal/quincenal) son compartidas na plataforma virtual EVA e enviadas tamén a través de correo electrónico para que as familias sexan coñecedoras das mesmas.</li><li>- O alumnado emprega os mesmos medios para entregarnos as súas tarefas ( plataforma virtual EVA e correo electrónico).</li><li>- Na propia plataforma virtual EVA facemos correccións e aclaracións de aspectos a mellorar dos traballos enviados do seguinte xeito: enviando comentarios na sección onde se entregan as tarefas ou mandando mensaxes individuais ou colectivos na devandita plataforma.</li><li>- Retroalimentación: os alumnos teñen a posibilidade de comentar as nosas observacións na sección “comentarios” da plataforma virtual ou enviándonos mensaxes individuais, a través da mesma.</li></ul> <p>INSTRUMENTOS:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Fichas sobre libros de lectura.</li><li>- Traballos de carácter interdisciplinar.</li><li>- Traballos monográficos.</li><li>- Pequenas investigacións.</li><li>- Resolución de problemas e exercicios de cálculo.</li><li>- Cuestionarios nas diferentes áreas.</li></ul>
<b>Cualificación da terceira avaliación e a ordinaria</b>	<p>Para cualificar a terceira avaliación, debido ao seu carácter non presencial e á non observación directa, partiremos dos resultados acadados na segunda avaliación, que poden ser mellorados ata un punto polo traballo desenvolvido neste trimestre.</p> <p>Dito traballo será valorado sempre de forma positiva.</p> <p>A cualificación da avaliación ordinaria coincidirá coa da terceira avaliación</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### Actividades

- Actividades de comprensión lectora.
- Actividades de repaso, reforzo, recuperación e ampliación das aprendizaxes acadadas de Lengua, Lingua, Matemáticas, Naturais e Sociais.
- Xogos de investigación.
- Retos e enigmas.
- Lectura de libros en pdf.
- Traballos sobre libros de lectura.
- Cálculo e resolución de problemas.
- Traballos de investigación sobre o covid19 ou outros temas.
- Actividades de Educación Emocional.
- Actividades de Expresión Plástica.
- Actividades para traballar as diferentes conmemoracións ( Día do Libro, Letras Galegas...)

#### Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):

- As tarefas do alumnado terán carácter semanal ou quincenal, marcándolles prazos en case todas elas para axudar ao noso alumnado a organizarse; pero, ao mesmo tempo, sempre ofrecéndonlles a posibilidade de flexibilizalos para non sobrecargalos en ningún momento.
- A forma de envío das tarefas será a través da plataforma virtual Eva E-dixgal e a través de correo electrónico. As familias sempre reciben, por este último medio, os arquivos que subimos á plataforma e a planificación do traballo semanal.
- O alumnado dispón da plataforma virtual para plantexar os atrancos con que se atopa ao facer as tarefas. Tamén, en moitísimas ocasións, fanse chamadas telefónicas para aclarar dúbidas, para facer un mellor seguimento da actividade non presencial e para dar ánimos e transmitir afecto na distancia. Outras veces empregan o correo electrónico para solventalas.
- Aquelas tarefas que non requiran ser entregadas polo alumnado, serán autocorrexidas por eles mesmos. Para isto, facilitámoslles un solucionario que colgamos na plataforma e enviamos tamén por correo electrónico ás familias.
- Fanse titorías cando así o requiren as familias ou se nós o considerabamos necesario.
- Ao alumnado con neae enviouse, a través de correo electrónico, material específico facilitado polo Departamento de Orientación.
- Conectamos co alumnado que necesita atención específica para ofrecerlle axuda dándolle facilidades para pautarlle a tarefa e flexibilizar máis os prazos.
- Atendendo á súa diversidade, tamén o alumnado que recibía apoio na aula, realizou actividades de repaso, reforzo e recuperación.
- Como ampliación das aprendizaxes, propuxéronse actividades de investigación que requirían da mínima intervención docente.
- Todo o alumnado ten conectividade.

<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Páxinas web relacionadas cos contidos.</li> <li>- Vídeos ou enlaces para reforzar ou ampliar as aprendizaxes acadadas.</li> <li>- Pdf de libros de lectura.</li> <li>- Apuntamentos compartidos, ben na plataforma virtual , por correos electrónicos ou por mensaxes en EVA.</li> <li>- Documentos con actividades elaborados por nós.</li> <li>- Xogos de investigación, retos e enigmas.</li> </ul>
-----------------------------	---

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O procedemento que o profesorado empregará para informar deste documento ás familias, será o correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/</a>